

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, solicita la rescisión de 580 Has. del consorcio do monte "Serra da Lorta" OR-3035 do termo municipal de Viana do Bolo, para o seu posterior convenio.

En relación con elo, informo a V.E. o seguinte:

1º.- Que en data 25 de Marzo de 1995, a Comunidade do Moantes Veciñais en Man Común de Cepedelo, do termo municipal de Viana do Bolo, tomou o acordo de solicitar a rescisión parcial do Consorcio do monte "Serra da Lorta" na parte que lles pertence para o seu posterior convenio.

2º.- Que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común toma a Resolución, o día 23-6-1975, de clasificar como Monte Veciñal en Man Común o monte denominado "Os Chaos".

3º.- Que a superficie total consorciada do monte "Serra da Lorta" é de 2.400 Has. das que foron repoboadas 490 Has.

4º.- Que a superficie total da zona do consorcio que se quere rescindir é de 580 Has. das cales 165 Has. estan repoboadas.

5º.- Que os gastos e ingresos anteriores a data de clasificación como Monte Veciñal en Man común non se consideran, por ser a débeda condoadada, xa que así o estipula a disposición adicional 2ª da Lei 13/89 do 10 de outubro, da Xunta de Galicia sobre monte Montes Veciñais en Man común.

6°.- Que os gastos por traballos realizados e os ingresos correspondentes o monte son os seguintes:

I - GASTOS:

Do 24-6-1975 o 31-12-1975	0.-Ptas.
Anos 76.77,78, e 79	6.273.615.- "
Do 1-1-80 o 7-1995	13.758.875.- "

20.032.490.- Ptas.

II - INGRESOS

Excma. Diputación	0.- Ptas.
Icona	0.- "
Xunta de Galicia	0.- "

Total Ingresos 0.- Ptas.

7°.- Polo tanto os gastos e ingresos correspondentes a parte do monte do consorcio que se transforma son:

I - GASTOS

Traballos: $\frac{165}{490} \times 20.032.490.- = 6.745.634.-$ Ptas.

Administración: $7,85\% \text{ s/} 6.745.634 = 529.532.-$ Ptas.

Gardería: 165 Hás. $1.020.- \text{ Ptas.} = 168.300.-$ Ptas.

TOTAL GASTOS: 7.443.466.- Ptas.

II - INGRESOS

$\frac{165}{490} \times 0 = 0$ Ptas.

O saldo da conta da parte do monte do consorcio que se solicita sexa rescindido é:

$7.443.466 - 0 = 7.443.466.-$ Ptas.

=====

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe a rescisión de 580 Hás. do consorcio do monte "Serra da Lorta" OR-3035, para su posterior convenio xunto con outras 88 Has. de novo convenio, consignándose como primeira partida da conta de novo convenio a cantidade de 7.443.466.- Ptas. como saldo acreedor resultante de actualizar a conta de gastos e ingresos do anterior consorcio que quedará parcialmente extinguido.

2º.- Que se firme o convenio do monte "Os Chaos".

3º.- Que as características de descripción de dito Convenio no Elenco sexan:

Nome: OS CHAOS.

Elenco: 3215587.

Superficie: 668 Hás.

Pertenza: Cepedelo.

Tº municipal: Viana do Bolo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado. 70%.

Participación da Conselleria no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conata do convenio: 7.443.466.- Ptas.

4º.- Que da conta de gastos e ingresos do monte "Serra da Lorta" OR-3035, se reste a cantidade de 6.745.635.- Ptas. correspondentes os gastos en traballos do monte do consorcio que se transforma.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Fdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do Convenio do Monte "Serra da Lorta" OR-3035 nun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade veciñal de Cepedelo, propietaria do Monte Vecinal en Man Común "OS CHAOS" constituído por 580 Has procedentes do citado Monte Serra da Lorta máis 88 Has sen consorciar (668 Has en total), sito no Concello de Viana do Bolo (Ourense) e a vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, a 1 de febreiro de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue ink stamp from the Xunta de Galicia. The outer ring contains the text 'XUNTA DE GALICIA - SANTIAGO DE COMPOSTELA' at the top and 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL' at the bottom. The center features a coat of arms. To the right of the stamp is a handwritten signature in blue ink.

Asdo: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe a rescisión de 580 Has do consorcio do monte "Serra da Lorta" OR-3035, para o seu posterior convenio xunto con outras 88 Has. de novo convenio consignándose como primeira partida da conta do novo convenio a cantidade de 7.443.466.- ptas. como saldo acreedor resultante de actualizar a conta de gastos e ingresos do anterior consorcio que quedará parcialmente extinguido.

2º.- Que se firme o convenio do monte "Os Chaos".

3º.- Que as características de descripción de dito Convenio sexan:

Nome: Os Chaos.

Elenco: 3215587

superficie: 668 Has.

Pertenza: Cepedelo.

Tº Municipal: Viana do Bolo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%. anual.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Salo inicial da conta do convenio: 7.443.466.-Ptas.

4º.- Que da conta de gastos e ingresos do monte "Serra da Lorta" OR-3035, se reste a cantidade de 6.745.635.- Ptas. correspondentes os gastos en traballos do monte do consorcio que se transforma.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR.DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	321	5587
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **EDUARDO FERNANDEZ RODRIGUEZ**, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **OS CHAOS**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **1-3-1.956** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Los vecinos de Sta. Maria de Cepedelo**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **OS CHAOS**

Termo municipal: **VIANA DO BOLO**

Provincia: **ORENSE**

Situación administrativa e legal: Monte Vecinal en Mano Común con fecha de declaración
23-06-75

Límites:

N.: Limita con Penouta desde Lama de Carballo, sigue por Pedra de Buhedo hasta Pedra Blanca donde empieza en monte de Paradela hasta Arca Ferreda donde empieza Rubiales

S.: Fincas particulares, Monte de Sever y Monte Muíños y Arandeira.

L.: Pradoranisqueado en Pazo de Caneiro Mao en el Rio Bibey, sube por Pontón da Infesta Pedra das Cadeiras y Lama do Carballo, donde entra en el monte de Penouta.

O.: Los montes Estudio, Pedra de Nostre, Val de S. Martiño, Porto D'Arca, Regueiro Cubo y Lumieira y Aranteira.

Superficie: 668 Has.

Estado forestal: Arbolado en 165 Has., el resto matorral y pastos

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 165 Has.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: 503

Servidumes: Tres líneas de alta tensión.

3ª.— O chan continuará pertencendo a Los vecinos de Cenpedelo

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **treinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **treinta** por cento, e a comunidade propietaria, o **setenta** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **sesenta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. sylvestris**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "OS CHAOS" a favor dos veciños Cepedelo no Concello de VIANA DO BOLO.

2.— Que, así mesmo, figura Don EDUARDO FERNANDEZ RODRIGUEZ, e Don HERMINIO BLANCO GOMEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o un de outubro de 1994 ó un de outubro de 1998.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 31 de xullo de 1995.



Don _____, Secretario de _____

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 11 de xullo de 1995 estando designado

Don EDUARDO FERNANDEZ RODRIGUEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Cepedelo

a ONCE de XULLO de mil novecientos noventa e CINCO.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

HERMINIO BLANCO GOMEZ
PRESIDENTE

HERMINIO BLANCO GOMEZ

Asdo.: Eduardo Fernandez Rodriguez

Asdo.: Herminio Blanco Gómez

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade, -

EDUARDO FERNANDEZ RODRIGUEZ

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

